





NADAL 2006

PARA COMEZAR A SORRIR...

DOS PÉS Á TESTA

Xaquín Marín. Editorial Galaxia




Compilatorio de diversos traballos de Xaquín Marín, desde as súas primeirísimas páxinas ata obras protagonizadas por personaxes seus como "O Gaspariño" e "O pé".

VILAVERZAS

Miguel Robledo. BD Banda

Benvido a Vilaverzas. Reduza a súa velocidade a 50 km/h. Durante a travesía pode atopar estraños vehículos a diversas velocidades, criaturas cruzando a calzada entoando pegadizas cancións, nenos enredados en azarosas aventuras e numerosos lugares pintorescos a visitar.



28 HISTORIAS PARA RIR

Úrsula Wölfel. Editorial Kalandraka



Se che custa un pouco ler anúmate con esta serie de relatos breves e sinxelos, unha miga surrealistas, que alimentan o enxeño e invitan a sorrir.

PARA RIREN OS MÁIS NOVOS...

ESTANISLAO, PRÍNCIPE DE SOFROVIA

Manuel Lourenzo G. Edicións Xerais

Este libro narra a nenez e o período escolar do divertidísimo príncipe “punqui” que coñecemos en Tanis I, o Mocos. Os amigos alcumábanlo “o Mocos”, xa que sempre que lle proía o nariz metía o dedo en busca de mocos cos que facía boliñas que empregaba nos seus xogos.



O COCHO DE CARREIRAS RUDI FUCIÑOS

V. Tinn. Editorial Galaxia

Rudi Fuciños é o coche de carreiras máis rápido de toda Alemaña. Pero antes de se converter nunha auténtica estrela, houbo toda unha historia non exenta de problemas. Se queres ler e pasalo ben sen deixar de rir, este é o teu libro, de seguro.



KIKA SUPERBRUXA...

Knister. Editorial Bruño

Desde que un bo día atopou un libro de maxia xunto á súa cama, a Kika encántalle facer feitiços, aínda que a verdade é que ás veces os seus conxuros teñen consecuencias inesperadas.



PARA SEGUIR RINDO...

MOONKID E LIBERTY

Paul Kropp. Editorial Galaxia

A obra preséntanos as peripecias de dous irmáns influenciados por dous mundos distintos. O do seu pai, un libreiro nostáxico do *hippismo*, e o da súa nai, unha adiñeirada profesional. O reencontro desta singular familia vai producir situacións de gran comicidade.



SERVICIO DE URXENCIAS

Suso de Toro. Edicións Xerais


O servizo de urxencias dun hospital galego, serve de escenario dunha divertida escenificación da vida: os noivos intoxicados no banquete da súa voda, as propiedades curativas que poden ter os callos, uns vídeos pornos que provocan infartos son algunhas das situacións que se recollen neste libro tinguido de humor e retranca.



ROGER AX: LA DIVERTIDA HISTORIA DE LA HUMANIDAD

Carlos García R. Editorial Alfaguara

Un xove extraterrestre en viaxe de estudos pola Terra, cóntanos con humor a historia da humanidade.




PARA RIREN OS MAIORES...

CATAPULTA

Álvarez Cáccamo, A. Edicións Xerais

Libro de dez relatos cheos de humor desbordante que fai as ledicias de quen o le. "Catapulta", o relato que dá nome ó volume narra as peripecias de dous estudantes que están a facer o exame de selectividade.



HAI QUE CONFIAR NA ESPERANZA

Siro López. Edicións Xerais



Comedia en cinco actos na que tres caricaturistas políticos e dous escritores satíricos coinciden na redacción dunha publicación que se gaba de que pode ser comprada pero que nunca se vende. O redactores loitarán contra os gobernos corruptos do seu tempo coas armas dos seus lapis e o humor ben afiado das súas caricaturas.

LA MONA RISA

Varios autores. Editorial Alfaguara

Woddy Allen, Millás, Maruja Torres, Cortázar, Elvira Lindo... Todos os relatos seleccionados teñen un denominador común: o humor.



UN POUCO DE TODO...

PIRATAS POLO MIÑO

Xosé Miranda. Editorial Tambre



Un emocionante e divertido libro de versos, de gran variedade estrófica, para os que algunha vez soñaron con atopar un tesouro.

LA CATEDRAL DEL MAR

Idelfonso Falcones. Editorial Grijalvo

A Barcelona medieval conforma o escenario desta recreación histórica chea de intriga, violencia e paixón.



HISTORIAS DE AQUÍ (La Guerra Incivil)

Forges. Editorial Espejo de Tinta




O libro mostra o camiñar común de nosos antergos en forma de cómic, cunha base histórica indiscutible, pero sempre apoiados na visión humorística, intentando cambiar un brutal refrán, que coñece todo o mundo, polo de: "a letra con risa entra".

USHA

María Reimóndez. Edicións Xerais.

Usha, unha rapaza galega, relata a súa estancia na India.



ALGO DE CINE...

LA CENA DE LOS IDIOTAS

Francis Veber

Un grupo de amigos reúnen cada mércores para cear. Cada un deles debe acudir acompañado dun idiota, o que lles permitirá elixir ao máis idiota ao final da velada.



GALAXY QUEST (Héroes fuera de órbita)

Dean Parrisot

Comedia de ciencia-ficción. Despois 30 anos emitíndose unha serie de televisión chega ao seu remate. Os seus protagonistas dedícanse a ir a diversos programas e convencións. O que non saben é que unha raza alieníxena captaba a serie pensando que era un documento histórico.



EL OTRO LADO DE LA CAMA

E. Martínez Lázaro

Sonia e Xabier levan varios anos vivindo xuntos e sendo mozos. Pedro e Paula non viven xuntos pero son mozos dende hai varios anos. Eran, porque Paula dille a Pedro que se namorou doutro mozo, pero o que non lle di é que se trata de Xabier.



QUE BO É RIR...

Rir en abundancia é bo para o corazón e ademais prolonga a vida, segundo os últimos estudos médicos difundidos.

Unha boa gargallada tódolos días vainos a supoñer uns beneficios cardiovasculares similares aos do exercicio físico, porque estimula a circulación, aínda que a risa non debe substituír ao exercicio. O máis recomendable para o sistema cardiovascular sería un pouco máis de media hora de exercicio tres ou catro veces por



semana e 10 ou 15 minutos de risa diaria.